

INSTRUCCIÓN DE USO DO PROGRAMA DO CENTRO DE LINGUAS

[Pantalla inicial](#)

AXUDÁMOSCHE

- Se non estás rexistrado, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.
- Automáticamente recibirás un correo electrónico co teu contrasinal, calquera dúbida chama ao teléfono 986 81 22 50 ou no e-mail: centrodelinguas@fundacionuvigo.es

[Rexistrarse](#)

INFORMACIÓN

- Revisa os teus datos persoais se xa estabas rexistrado/a en Bubela.
- Os datos con * son obrigatorios.
- Automáticamente recibirás un correo electrónico co teu contrasinal, calquera dúbida chama ao teléfono 986 81 22 50 ou no e-mail: centrodelinguas@fundacionuvigo.es
- Non é obrigatorio que introduzas o teu número de conta, pero si será necesario en caso de devolución de matrícula.
- Considéranse membros da comunidade universitaria: alumnado da UVigo, PAS, PDI, e os seus familiares directos (conxuxes e fillos/as).

UNHA VOLTA POLO MENÚ DO ALUMNO

[Datos persoais](#)

INFORMACIÓN

- Revisa os teus datos persoais se xa estabas rexistrado/a en Bubela.
- Os datos con * son obrigatorios.
- Automáticamente recibirás un correo electrónico co teu contrasinal, calquera dúbida chama ao teléfono 986 81 22 50 ou no e-mail: centrodelinguas@fundacionuvigo.es.
- Neste menú podes cambiar o teu contrasinal, que deberá ser sempre unha combinación de números e letras.
- Aquí podes cambiar o idioma do programa co que queres traballar.
- Non é obrigatorio que introduzas o teu número de conta, pero si será necesario en caso de devolución de matrícula.
- Se a factura do teu curso debe ser emitida a nome dunha empresa debes ir ao apartado "**Empresas**".
- Considéranse membros da comunidade universitaria: alumnado da UVIGO, PAS, PDI, e os seus familiares directos (conxuxes e fillos/as) .

[Empresas](#)

INFORMACIÓN

- As empresas e entidades son rexistradas polo Centro de Linguas.
- Se solicitas que a factura se emita a nome dunha empresa ou entidade debes utilizar este menú e indicar os datos solicitados.

- O CdL solicitará a conformidade da empresa ou entidade en todos os casos.

Convocatorias

INFORMACIÓN

- Neste menú terás a información de todas as convocatorias abertas de cursos e exames, clasificados por idiomas e por campus onde se celebran.
- Cada convocatoria leva asociada un pdf no que se explican todos os detalles da mesma.
- Á dereita de cada convocatoria está activada a opción de preinscrición:

- A opción "**preinscrición**" fai referencia a aqueles cursos que necesitan a realización dunha proba de nivel ou comprobación da documentación de matrícula por parte do Centro de Linguas.
Para matricularse nos cursos debes aboar unha **cota de preinscrición de 15 euros** que se **DESCONTARÁ DO IMPORTE TOTAL DA MATRÍCULA**. Unha vez comprobada a documentación ou despois do resultado da proba de nivel, recibirás un correo electrónico do CdL no que se che indicará que podes proceder ao pago do importe restante da túa matrícula.
No caso de que o curso que queres realizar teña unha **cota de preinscrición de 0€**, poderás matricularse directamente, subir os documentos e realizar o pago do total da matrícula.

AQUÍ ESTÁS RESERVANDO A TÚA PRAZA NO CURSO POLO QUE SO TES QUE PREINSCRIBIRTE NUN NIVEL (DESPOIS O CdL ASIGNARACHE O NIVEL QUE TE CORRESPONDE).

En todos os casos, unha vez revisada a documentación, o CdL confirmarache a túa matrícula por correo electrónico.

Solicitudes

INFORMACIÓN

- Neste apartado aparece o estado das túas solicitudes.
- No Clip que aparece á dereita do curso podes subir os documentos.

Cualificacións

INFORMACIÓN

- Neste menú poderás ver as notas acadadas nos exames e cursos.

Pago de matrícula

INFORMACIÓN

- Aquí atoparás o documento necesario para pagar con tarxeta.
- Se pinchas no símbolo da tarxeta entras na pasarela de pago virtual. Lembra que debes ter activado o Código de Seguridade da tarxeta.
- Se elixiches transferencia bancaria ou ingreso en efectivo, debes anexar o xustificante no apartado "**Solicitudes**".
- En ambos casos se o curso ten asignada unha cota de preinscrición, primeiro debes pagar os **15 euros** da mesma e unha vez confirmada a túa preinscrición polo CdL, realizar un segundo pago polo importe restante da matrícula.

Facturas

INFORMACIÓN

- Neste apartado terás dispoñibles todas as facturas dos cursos ou exames que realices no Centro de Linguas.